

Programa

Hardy MERTENS (1960)
Arnoldo (1991)

Johan de MEIJ (1953)
Windy City (2006)

Johan de MEIJ (1953)
Summer (2014)

Jan Van der ROOST (1956)
Flashing Winds (1989)

Robert W. SMITH (1958 -)
Symphony nº 3 – Don Quixote (2008)
I. The Quest
II. Dulcinea
III. Sancho and the Windmills
IV. The Illumination

R. HAZO (1966)
Exultate (2001)

Peter GRAHAM (1958)
Gaelforce (2001)



IN CRESCENDO COA
BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

CONCERTO

TEATRO ROSALÍA
12 de decembro de 2019
20.00 horas

DIRECTOR CONVIDADO
JUAN LOIS DIÉGUEZ

Vindeiros concertos

19 DE DECEMBRO
NO PALACIO DA ÓPERA
Ás 20.00 h. Director convidado: *Juan Lois*

19 DE XANEIRO
NO TEATRO COLÓN Ás 12.30 H.

26 DE XANEIRO
NO TEATRO COLÓN Ás 12.30 H.

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



CURRICULUM DO DIRECTOR:

Juan Lois Diéguez nace en Agolada (Pontevedra), no ano 1980. Comeza os seus estudos musicais co seu pai a idade de 10 anos. Estudou nos Conservatorios de Lalín, Santiago de Compostela e Vigo. Foi membro de diversas Bandas populares Banda de Agolada, Banda de Lalín, Silleda. Ós 15 anos ingresa na Banda Municipal de Lugo. Así mesmo colabora con infinidade de agrupacións como: Colectivo Harmonia, Banda Sinfónica de Galicia...

No ano 2002 obtén praza na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Formou parte da Orquesta de Cámara de Lalín e Orquesta de Práctica Orquestal da Sinfónica de Galicia. Colaborou tamén coa Orquesta de Cámara Galega, Orquesta Clásica de Vigo, Xoven Orquesta Sinfónica do Principado de Asturias, English Chamber Orchestra (coa que realizou unha xira por Cataluña, Valencia, Andalucía, Marruecos e Portugal) e a Real Filharmonía de Galicia, da que foi trompeta coprincipal durante dúas tempadas. dende o ano 2018 é artista Adams.

No ámbito da música de cámara ten realizado concertos con diferentes formacións entre as que cabe destacar o quinteto de metais da Real Filharmonía de Galicia "BRASSMANIA" entre outros. Estudiu e realizou cursiños con mestres coma: John Aigi Hürn, Stanley Curtis, Javier Viceiro Filgueira, Javier Simó Echarte, Antonio Cambres

Rodríguez, Benjamín Moreno, José M^a Ortí Soriano, Eric Aubier. Realizou tamén cursiños noutras especialidades como pedagogía coa mestra Ana M^a Navarrete, Técnica Alexander con Montserrat López e diversos cursiños e clases de Dirección e Instrumentación con Mestres coma: Marcel van Bree, Javier Viceiro Filgueira, Óscar Navarro, José Rafael Pascual-Vilaplana, Jan Cober, Jan Van der Roost, Hardy Mertens ou Bert Appermont.

Entre os anos 96 a 2002 foi subdirector da Banda de Música Municipal de Silleda e director da Escola de Música Municipal de Silleda. Traballou tamén na Escola Profesional de Música de Viana do Castelo (Portugal) e na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela. Dende o ano 2002 ó 2010 foi director da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla, e Director Titular da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla coa que obtivo o 1º premio no Certame Nacional de Bandas de Música "Villa de Lénas" (Madrid_2004) e o 1º premio no Certame Internacional de Bandas de Música "Vila de La Sénia" (Tarragona_2007). Dirixiu tamén a Banda de Música Municipal de Boiro e durante os anos 2009 ó 2015 foi titular da Banda de Música de Pontevedra. No ámbito da composición conta no seu haber con diferentes pezas populares, así como obras para Banda Sinfónica e infinidade de instrumentacións e transcripcións. Realizou estreas absolutas e mundiais de obras dos Mestres: Casiano Mouriño, Simón Couceiro, Fernando Ruibal, Israel Quintas, Adrián Silva, Xabier Comesanha, Carlos Rodríguez, Adrián Saavedra, Abe Rábade ... Así como representacións das Zarzuelas "El Barberillo de Lavapiés" e "A Lenda de Montelongo" con transcripcións propias.

Ten recibido encargos de agrupacións tales como a Nova Banda de Vilatuxe, Banda de Música Municipal de Agolada, Banda de Música de Caldas de Reis, Banda Cultural de Salceda de Caselas, Banda de Música de Pontevedra, Banda de Música Municipal de Silleda ou a agrupación Musical de O Rosal. Compón para o ciclo de cámara "Galegos Hoxe", Impromptu, estreada por Javier Simó Echarte, trompeta Solista da Real Filarmonía de Galicia

así como tamén recibe un encargo da Excelma. Deputación de Pontevedra, "Iter per Gallaeciam", obra obrigada no certame provincial de Bandas de Música de Pontevedra.

Dirixe como convidado, importantes bandas da xeografía galega, como a Banda de Música de Silleda, Banda de Lalín, Banda - Escola de Música de Beade, Unión Musical de Valladares, Banda do Conservatorio Profesional de Música de Lugo, Banda de Lanhelas (Portugal), Agrupación Musical do Rosal, Banda Sinfónica do Campus da FGBMP, Orquesta Filarmónica de Pontevedra, Banda Municipal de A Coruña, Banda Municipal de Barcelona, entre outras. Dirixiu tamén a AGRUPACIÓN "A nosa Música", formada por cincuenta xoves músicos de tódalas Bandas da comarca do Deza (Pontevedra) e é director da Banda Solidaria Galega, formada por cincuenta profesionais de diferentes ámbitos musicais de Galicia.

En 2010 foi seleccionado como Director Asistente da Banda Municipal de Barcelona.

Na actualidade compaxina a súa labor de profesor instrumentista da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela coa Dirección Titular da Escola e da Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas e da Galicia Brass Band.

